

## AXENDA

Prezada comunidade:

A “Cultura da igualdade: sensibilización, visibilización e comunicación” constitúe o eixo 1 do **Plan de Acción en Materia de Igualdade 2022-2025 de ECOBAS**. Entre os nosos obxectivos neste eido están o impulso ao **compromiso** do noso Centro coa igualdade de xénero e a **implicación** na búsqueda dunha **contorna máis xusta**, facendo patentes as desigualdades que persisten e identificando as causas que as provocan.

Dende este enfoque, organizamos este **8M** un encontro no que coñecer de primeira man o estado da cuestión no ámbito do **emprendemento e a transferencia do coñecemento na I+D+i**. Contamos con vós no noso camiño. E benvidos á nosa newsletter semanal!

## >>> CELEBRAMOS O 8M EN ECOBAS: I+D+i CON PERSPECTIVA DE XÉNERO



VENRES  
08/03  
11.00 h

A investigadora de ECOBAS Sara Fernández López protagonizará o vindeiro venres este encontro online para presentar os achados do proxecto “Indicadores de xénero no emprendemento de I+D+i”, unha iniciativa de ámbito nacional na que participan os principais centros de referencia en I+D+i.

- Encontro: “I+D+i con perspectiva de xénero”
- Formato: **ONLINE**




## ITINERARIO DE INNOVACIÓN PARA A TRANSFERENCIA ECOBAS



**Último día para inscricións.**- Pechamos hoxe o prazo para inscricións para participar na primeira sesión do Itinerario de Innovación para a Transferencia que celebramos o vindeiro xoves 7 de marzo 2024:

XOVES  
07/03  
09.30 h

- Horario: de **9:30 a 12:00 h (CET)**
- Destinatarios: persoal investigador de ECOBAS
- Formato: **híbrido** (presencial/online) **síncrono**
- Lugar: Facultade de CC. Económicas e Empresariais da USC (Campus Norte - Santiago de Compostela)



## AXENDA / PRODUCCIÓN CIENTÍFICA



### >>> “ESG: PANCA ESTRATÉXICA DE COMPETITIVIDADE”

7 MARZO  
19:30 h

Comeza o ciclo de conferencias “En Código Aberto” da Cátedra Inditex-UDC de Sostibilidade que dirixe a investigadora permanente de ECOBAS, **Marta Rey**.

“ESG: Panca estratéxica de competitividade” é o título da primeira charla deste ciclo, a cargo de Concha Iglesias, socia líder de Sustainability → Climate de Deloitte España.

- Formato: **presencial**
- Lugar: Reitoría da Universidade da Coruña
- Necesaria **inscripción previa**. [Ligazón ao formulario aquí](#).



### >>> NOVAS PUBLICACIÓNS DE PERSOAL INVESTIGADOR ECOBAS

[Calvo-Porrá, C.](#); [Orosa-González, J.](#); [Viejo-Fernández, N.](#)

[Barriers to online second-hand purchase behavior](#)

Marketing Intelligence and Planning, Vol. 42, Núm. 2, pp. 213-233

[Rivera-Alonso, D.](#); [Iglesias, E.M.](#)

[Is the Chinese crude oil spot price a good hedging tool for other crude oil prices, and in special for the main Russian oil benchmarks and during international sanctions?](#)

Resources Policy, Vol. 90

[Rios-Rodríguez, R.](#); [Fernández-López, S.](#); [Dios-Vicente, A.](#); [Rodeiro-Pazos, D.](#)

[Digital Opportunities for Local Journalism: A Panel Data Analysis on the Economic Performance of Online-Only vs. Print Newspapers](#)

Digital Journalism, Vol. 12, Núm. 1, pp. 63-82

[Antelo, M.](#); [Bru, L.](#)

[Intrapersonal price discrimination and welfare in a dominant firm model](#)

Journal of Economics/Zeitschrift fur Nationalökonomie, Vol. 141, Núm. 2, pp. 163-188

[Issifu, I.](#); [Dahmouni, I.](#); [García-Lorenzo, L.](#); [Sumaila, U.R.](#)

[Economics in Marine Spatial Planning: A Review of Issues in British Columbia and Similar Jurisdictions](#)

Sustainability, Vol. 16, Núm. 3

## RECURSOS HUMANOS



### >>> PROCESO DE SELECCIÓN: XESTOR/A DE I+D

O prazo de recepción de candidaturas para o posto de xestor/a de I+D do Centro de Investigación Interuniversitario ECOBAS remata mañá. Os requisitos e procedemento para a presentación de solicitudes se detallan no Concurso de Méritos 0424 da Universidade de Vigo:

- Data límite candidaturas: mércores **06/03/24 ás 23:59 h**
- [Click aquí para acceder ao procedemento](#)
- Referencia da oferta: **0424-127173**

### AXUDAS Á INVESTIGACIÓN PREDOUTORAL NO SUG | XUNTA DE GALICIA

PRAZO: ABERTO **ATA 19/03/2024 - 23:59 H**



### >>> AXUDA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL INVESTIGADOR PREDOUTORAL EN FORMACIÓN ASOCIADO AO PROXECTO PID2022-139974NB-I00 CONTABILIDADE E CONTROL DE XESTIÓN EN PEQUENAS EMPRESAS E STARTUPS: IMPLICACIÓNS NUN CONTEXTO DE ALTA INCERTIDUME

A Universidade de Vigo abre este procedemento asociado aos "Proyectos de Generación de Conocimiento, 2022 (FPI 2023):

- Duración do contrato: 4 anos
- Data fin de solicitudes: **12/03/24**
- [Click aquí para acceder ao procedemento](#)

### >>> AXUDAS Á INVESTIGACIÓN PREDOUTORAL | FUNDACIÓN BANCO SABADELL

A Fundación Banco Sabadell convoca 15 axudas á investigación científica para aspirantes pre doutorais de nacionalidade española que estean en proceso de realización da tese de doutoramento en calquera universidade española.

As axudas serán destinadas á promoción e o desenvolvemento de traballos científicos e outras actividades relacionadas coa tese de doutoramento nos eidos das **Ciencias Sociais** e as Humanidades.

- **Prazo** de solicitudes: ata o **01/04/2024**
- **Descarga aquí as bases da convocatoria**
- [Acceso ao formulario de solicitude vía web](#)



## PERSOAL INVESTIGADOR



### CONVOCATORIA DA AEI PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO R3




A Agencia Española de Investigación (AEI) vén de publicar a segunda convocatoria para a obtención do certificado R3 como persoal investigador establecido.

- [Ficha completa da convocatoria](#)
- [Presentación da AEI co resumo da información clave](#)
- Solicitudes **ata o 13/03/2024**



### AXUDAS PARA COMPLETAR A ETAPA DE FORMACIÓN POSDOUTORAL

[LIGAZÓN Á CONVOCATORIA NO DOG](#)



### PRESENTACIÓN CONVOCATORIAS HORIZONTE EUROPA DO CLÚSTER 5: ENERXÍA



Nesta xornada presentaranse as convocatorias HE relacionadas coa **enerxía aplicada a calquera sector**, non soamente ao enerxético, e que teñen data de peche na segunda metade de 2024.



- Formato híbrido: online e presencial
- Ubicación: Santiago de Compostela (sede de GAIN)  
Rúa Airas Nunes, s/n, Santiago de Compostela
- [Descarga o programa da xornada](#)
- [Consulta o documento completo da convocatoria do Clúster 5: Enerxía](#)


### CONVOCATORIA EENERGY



O proxecto EENergy destina 9 millóns de euros a unha convocatoria para que pemes europeas (ata 10.000€ por peme) poidan realizar actividades, compras ou integracións **que melloren o seu gasto enerxético global cun mínimo do 5 %**.

**REQUISITOS:** **as pemes deben traballar con asesores especializados en sostibilidade da Enterprise Europe Network**, que axudarán a deseñar un plan de acción de eficiencia enerxética personalizado e presentar a súa solicitude. **PRAZO:** ata o 15 de abril de 2024.

- [Descarga o documento completo coas bases da convocatoria EENergy.](#)



# FORMACIÓN



## >>> I CICLO FORMACIÓN ONLINE SCOPUS


Entre o 11 e o 20 de marzo de 2024 terá lugar o I Ciclo de Formación en liña Scopus, organizado por FECYT en colaboración con Elsevier. As xornadas son gratuítas e en español. A formación está estruturada en oito sesións distintas (quenda de mañá ou tarde) dunha hora de duración e independentes entre si. Xa está aberto o prazo de inscrición.



[Máis información](#)

## >>> I CICLO FORMACIÓN ONLINE WEB OF SCIENCE

FECYT, xunto con Clarivate, organiza o I Ciclo de Formación Online da base de datos Web of Science, que tendrá lugar durante o primeiro semestre do ano 2024, co obxectivo de dar a coñecer as actualizacións, cambios e novidades desta base de datos.



Destinatarios: estudiantado, persoal investigador e persoal bibliotecario.

Calendario marzo:

- Martes **12 de marzo** de 14:00 a 15:00 horas

Utilizar operadores booleanos e gardar as miñas consultas en WoS (nivel básico).

[Inscrición](#)

- Mércores **13 de marzo** de 14:00 a 15:00 horas

Utilizar WoS para identificar a bibliografía máis relevante (nivel básico). [Inscrición](#)

- Xoves **14 de marzo** de 14:00 a 15:00 horas

Da búsqueda simple á complexa en Web of Science (nivel avanzado). [Inscrición](#)

[Accede aquí ao material de formación](#)



## >>> PRÁCTICAS DE VERÁN PARA ESTUDANTADO DE GRAO

CEMFI Madrid vén de abrir o prazo para a presentación de solicitudes de prácticas de verán para estudiantado de grao que queira optar a unha primeira experiencia de traballo en investigación económica e análise de datos.

- Persoas destinatarias: alumnado matriculado nunha universidade española ou nunha universidade dun país asociado ao programa [Horizonte 2020](#). Deben ser cidadáns dun país membro da UE ou ter NIE español en vigor ata o final das prácticas.
- Periodo das prácticas: do 24 de xuño ata o 19 de xullo de 2024.
- Prazo solicitudes: ata o 12 de abril de 2024.



## PREMIOS Á TRANSFERENCIA DE TECNOLOXÍA EN GALICIA



**RAGC/**  
REAL ACADEMIA  
GALEGA DE CIENCIAS

A Real Academia Galega de Ciencias, coa colaboración da Axencia Galega de Innovación (GAIN), convoca os Premios á Transferencia de Tecnoloxía en Galicia en dúas modalidades:



- **Premio Francisco Gutiérrez Ojea:** a un traballo de investigación aplicada, dotado con 5.000 €, para recoñecer a creación, a cargo de un grupo de investigación, dunha tecnoloxía aínda non transferida e da que se deriven claras aplicacións para o desenvolvemento socioeconómico de Galicia.

- **Premio Fernando Calvet Prats:** a un caso de éxito de transferencia de tecnoloxía desde un grupo de investigación a unha empresa, dotado con 5.000 €. Prémíase conxuntamente ao grupo de investigación creador da tecnoloxía transferida e á empresa destinataria. Será válido calquera mecanismo de transferencia desde o grupo á empresa (adquisición de patente, proxecto conxunto, spin-off, etc.).

- **Prazo presentación candidaturas:** ata o **30 de abril de 2024**

## PREMIOS SOCIAIS FUNDACIÓN MAPFRE

Aberta a convocatoria dos Premios Sociais de Fundación Mapfre, de ámbito internacional e cunha dotación total de 160.000 euros (4 premios de 40.000 euros cada un), entre os que se inclúen:

- **Premio ao mellor proxecto ou iniciativa polo seu impacto social.**
- **Premio á mellor iniciativa no sector agropecuario,** que recoñece aquelas iniciativas que destaquen pola súa innovación, optimización dos recursos e sostibilidade a longo prazo.

**Fundación  
MAPFRE** SOCIAL  
OUTREACH  
AWARDS

- **Prazo presentación candidaturas:** ata o **31 de maio de 2024**

## ÚNETE Á COMUNIDADE ECOBAS

Aínda non nos segues nas redes sociais? Únete a nós e non perdas nada do que acontece na nosa comunidade. Agardámoste!!



[www.ecobas.gal](http://www.ecobas.gal)

